

Corrección de erros.-Orde do 29 de maio de 2008 pola que se autoriza a implantación das modalidades de bacharelato en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo coa nova ordenación establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Advertidos erros no anexo da citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 107, do 4 de xuño de 2008, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina nº 10.435, onde di:

Provincia	Código	Centro		Localidade	Concello	Artes		Ciencias e tecnoloxía	Humanidades e ciencias sociais
						Artes plásticas	Artes escénicas		
Pontevedra	36006730	IES	Frei Martín Sarmiento	Pontevedra	Pontevedra			X	

Debe dicir:

Provincia	Código	Centro		Localidade	Concello	Artes		Ciencias e tecnoloxía	Humanidades e ciencias sociais
						Artes plásticas	Artes escénicas		
Pontevedra	36006730	IES	Frei Martín Sarmiento	Pontevedra	Pontevedra		X	X	

-Na páxina 10.433 debe figurar como pé de páxina o seguinte texto:

O bacharelato impartido no Conservatorio Profesional de Música da Coruña dependerá do IES Salvador de Madariaga, desta cidade.

-Na páxina 10.436 debe figurar como pé de páxina o seguinte texto:

O bacharelato impartido no Conservatorio Profesional de Música de Vigo dependerá do IES Alexandre Bóveda, desta cidade.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 5 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para agricultores membros de Agrupacións para Tratamentos Integrados en Agricultura (Atrias), e se convocan para o ano 2008.

Advertidos erros no texto da orde do 5 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para agricultores membros de Agrupacións para Tratamentos Integrados en Agricultura (Atrias), e se convocan para o ano 2008 que foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 112, do 11 de xuño de 2008, cómpre facer as seguintes correccións:

-Na páxina 11.167 no punto 3 do artigo 3º onde pon entidades debe poñer Atrias.

-Na páxina 11.167 e 11.168 os artigos 4º e 5º quedan redactados da seguinte forma:

Artigo 4º.-Requisitos dos beneficiarios.

Os agricultores pertencentes ás Atrias deberán subscribir o regulamento de réxime interno, no que se exprese a aceptación das condicións e as actua-

cións que se establecen para cada cultivo ou grupo de cultivos asociados, e a súa decisión de constituírse nunha Atria.

Artigo 5º.-Requisitos das Atrias.

Só poderán ser beneficiarios destas axudas os agricultores pertencentes ás asociacións para tratamentos integrados en agricultura (Atria) que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que estiveran constituídas como unha entidade con personalidade xurídica que tivera capacidade de contratación.

2. Que foran beneficiarias das axudas para Atrias en anos anteriores e aínda tiveran o compromiso de seguir desenvolvendo a actividade na data da solicitude ou ben estean no sexto ano de actividade.

3. Que estiveran formados por un número mínimo de 10 agricultores, que integrasen unha superficie mínima suficiente para a mellor eficacia das técnicas de loita que van aplicar, e para que resulte económico o mantemento do técnico e demais equipamento utilizado pola asociación.

4. Estean dotadas dunha xestora que rexerá a Atria, formada, como mínimo, por un presidente, un secretario e un tesoureiro.

5. Subscriban un contrato laboral a tempo total co técnico que dirixirá a loita contra as pragas nos cultivos que agrupa a Atria ou contraten os servizos dunha empresa de servizos. Os técnicos que desenvolven os traballos deberán estar en posesión do título de enxeñeiro agrónomo ou enxeñeiro técnico agrícola.

-O artigo que antes era o número 5º agora pasa a ser o 6º (páx. 11.168).